

O Castelo de Soutomaior xa conta coa súa guía histórica e ilustrada

O historiador Diego Piay Augusto (Pontevedra, 1979) traza un atractivo percorrido histórico polo Castelo de Soutomaior, un dos monumentos máis sobresaíntes das Rías Baixas.

A obra leva por título **O CASTELO DE SOUTOMAIOR, UN LUGAR CHEO DE HISTORIAS** e está ilustrada con máis dun cento de fotografías e documentos, algúns deles, inéditos. Coeditada por Alvarellos Editora e a Deputación de Pontevedra, preséntase en tres idiomas: galego, castelán e inglés, en volumes diferentes.

SANTIAGO-PONTEVEDRA, VERÁN 2020.- Todos os castelos encerran historias, pero a do Castelo de Soutomaior é moi especial. O historiador Diego Piay Augusto rescátaa no seu novo libro **O CASTELO DE SOUTOMAIOR. UN LUGAR CHEO DE HISTORIAS** (Alvarellos Editora-Deputación de Pontevedra) que ve a luz neste verán de 2020, **publicado en tres idiomas** (galego, castelán e inglés).

A fortaleza de Soutomaior elévase maxestosa e en silencio, dominando o val do río Verdugo, na provincia de Pontevedra. O seu pasado agóchase tras unhas robustas murallas e **remóntase ata o século XII**. A fascinación que suscita este lugar atravesou todas as etapas da súa historia e chega ata os nosos días. Proprietarios e visitantes ilustres deixaron aquí unha imborrable pegada e forman xa parte para sempre do Castelo de Soutomaior.

Este libro non é un ensaio histórico, nin unha guía ao uso, senón unha obra ilustrada que nos levará a descubrir un castelo que pasou de ser



FICHA formato: 17x21 cms, 184 pp. PVP: 20 €
ISBN galego 978-84-16460-85-4
ISBN castelán 978-84-16460-84-7
ISBN inglés 978-84-16460-86-1

centro de poder na Galicia medieval a caer no esquecemento, e rexurdir novamente a finais do século XIX.

Unha narración enriquecida con multitude de anécdotas e informacións descoñecidas ata hoxe, e que **inclúe máis dun centenar de fotografías (históricas e actuais), ilustracións e planos** que somerxerán ao lector na historia dun dos monumentos máis sobresaíntes das Rías Baixas.

DIEGO PIAY AUGUSTO (Pontevedra, 1979) é licenciado en Historia coas especialidades de Arqueoloxía e Historia Antiga. É profesor de Historia Antiga na Universidade de Oviedo e traballa así mesmo como arqueólogo desde hai máis de vinte anos. Deste xeito, dirixiu intervencións ou participou en escavacións emblemáticas como Pompeia ou Piazza Armerina. É autor dos libros *Prisciliano. Vida y muerte de un disidente en el amanecer del Imperio Cristiano* (2018) e *María Vinyals, a muller do porvir. Sete vidas á sombra dun castelo* (Alvarellos Editora, 2019).

Contacto co autor: diego.piay.augusto@gmail.com - 658 03 32 72

